

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024987	IES de Soutomaíor	Soutomaíor	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	3º ESO	2	70

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para a materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual do 3º curso da ESO.

Para a súa elaboración tívose como referencia:

- A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- A Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- A Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo xeito, é de aplicación para o deseño desta programación a normativa para a Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia vixente neste curso 2022/23.

O IES de Soutomaior está situado na localidade de Arcade, concello pontevedrés de Soutomaior. Arcade constitúe o núcleo urbano do concello e ocupa a fronte costeira da vila. Nela atopamos os principais servizos económicos (zonas comerciais, porto pesqueiro, etc.), sociais (dispón de numerosas asociacións musicais, artísticas, grupo de teatro, etc.), culturais e de ocio (biblioteca, edificio de charlas

e exposicións, porto deportivo, áreas recreativas, praias, punto de paso de peregrinos, etc.), polo que actúa como referente para as aldeas limítrofes. Soutomaior, que cuadriplica en extensión o territorio de Arcade, en cambio, caracterízase por ser núcleo principalmente rural e de maior dispersión da poboación.

O IES de Soutomaior é un centro de recente creación (inaugurado no curso 2018-2019) con alumnado procede na súa maior parte do antigo CPI Manuel Padín Truiteiro, agora reconvertido en CEIP, así como do CEIP de Pontesampaio (Pontevedra). Acolle, por outra banda, alumnado que se incorpora ao Bacharelato desde o centro Santiago Apóstol e o CPI do Toural de Vilaboa.

No curso 2022/23 o centro conta con 4 grupos de 3º da ESO e 1 grupo que, sendo do mesmo nivel, conta cun Programa de Diversificación Curricular. A distribución dos grupos é a seguinte:

- 3ºA: 25 alumnos e alumnas entre os cales temos un alumno repetidor, unha alumna con promoción por imperativo legal e dous alumnos con NEAE. O grupo é bastante homoxéneo e o ritmo de aprendizaxe é medio-alto.
- 3ºB: 23 alumnos e alumnas entre os cales hai unha alumna con promoción por imperativo legal e un alumno con NEAE. Non hai alumnado repetidor e o ritmo de aprendizaxe é medio.
- 3ºC: 24 alumnos e alumnas entre os cales hai dous alumnos que promocionan por imperativo legal e tres alumnos con NEAE. O grupo neste caso é máis ben heteroxéneo e o ritmo de aprendizaxe é medio.
- 3ºD: 15 alumnos e alumnas entre os cales hai dous alumnos repetidores, tres alumnos con NEE e dous con NEAE. Ademais, no grupo hai un alumno que tivo atención domiciliaria nos dous cursos anteriores, incorporándose de novo este curso ao ensino presencial no centro. O grupo é heteroxéneo, cun ritmo de aprendizaxe baixo.

3ºE: 8 alumnos e alumnas nun Programa de Diversificación Curricular. No grupo atopamos dúas alumnas con promoción obrigada e 6 alumnos e alumnas repetidores. Atendendo aos criterios de incorporación a un programa destas características, trátase dun grupo onde todo o alumnado foi, ou é, repetidor. Contabilizamos 6 casos de NEAE, entre os que cabe destacar o caso dunha alumna con dificultade nas linguas por escolarización intermitente en primaria, un alumno con problemas no desenvolvemento cognitivo, e dous alumnos de incorporación tardía ao sistema educativo (un deles con descoñecemento da lingua galega).

O grupo é heteroxéneo en ritmos de aprendizaxe e intereses, pero funciona de maneira equilibrada e ten boas expectativas para este curso.

Os grupos de 3ºD e 3ºE permanecen xuntos na clase de Educación Plástica.

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos.

As instalacións do centro serán útiles para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, dispoñendo de, por exemplo, ordenadores E-Dixgal para o uso de ferramentas dixitais. As aulas tamén contan con encerados dixitais para

apoiar o traballo diario na aula.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			3	1-2		1
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropriarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		3	4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Debuxo técnico	Nesta unidade veremos os trazados xeométricos básicos e os métodos para construír polígonos regulares. Identificaremos os diferentes usos das formas xeométricas na contorna e na arte.	15	16	X		
2	Expresión plástica	Aprenderemos os principais elementos plásticos que configuran unha obra de arte e a súa capacidade expresiva. Practicaremos con técnicas gráfico plásticas en 2d.	15	10	X		
3	A representación do volumen. Sistemas de representación	Estudaremos diferentes modos de representar o volume no plano: o claroscuro e os sistemas de representación.	19	8	X	X	
4	A cor	Profundaremos nas calidades da cor e o seu uso como medio de expresión. Utilizaremos diferentes técnicas secas e húmidas.	9	6		X	
5	A composición. Os xéneros artísticos	Veremos os conceptos básicos sobre composición e traballaremos a partir dun xénero artístico.	10	6		X	
6	Percepción e lectura de imaxes	Descubriremos os aspectos que inflúen na forma de percibir as imaxes. Como se utilizan os efectos visuais e ilusións ópticas para aumentar o interese dunha imaxe. Seguiremos coas funcións das imaxes.	16	8		X	X
7	Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación	Aprenderemos as características da linguaxe audiovisual e os fundamentos da linguaxe cinematográfica. Descubriremos as posibilidades da animación.	16	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Debuxo técnico	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3.1. - Coñecer lugares xeométricos, clasificar e construír polígonos. Analizar a presenza destes elementos no entorno e en diversas producións artísticas.	Saber explicar e achar os lugares xeométricos máis comúns e construír correctamente polígonos regulares partindo do lado e do radio.	PE	80
CA1.5.1. - Argumentar e recoñecer os aspectos formais das obras de arte e da natureza en relación ás formas xeométricas.	Saber recoñecer, analizar e argumentar sobre aspectos formais relacionados coa xeometría da nosa contorna.	TI	20
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar tarefas prácticas e exercicios de xeometría partindo dos exemplos na natureza e na arte.		
CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.		Baleiro	0
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns. - Trazados xeométricos básicos. Os polígonos e a súa construción. - A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.

UD	Título da UD	Duración
2	Expresión plástica	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Desenvolver a expresividade e a reflexión a través da experimentación con diferentes técnicas, ferramentas e soportes.	TI	100
CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.	Explicar o proceso dende os referentes, as ideas ata o resultado.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas en dúas dimensións, secas e húmidas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Desenvolver a expresividade e a reflexión a través da experimentación con diferentes técnicas, ferramentas e soportes.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora..		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura.
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
3	A representación do volumen. Sistemas de representación	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2.1. - Comprender e practicar os procesos de achar vistas de pezas e a construción de perspectivas isométricas de volumes sinxelos a partir das súas vistas.	Saber achar as vistas de volumes sinxelos e partindo das vistas construír volumes en perspectiva isométrica.	PE	80
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.	Argumentar e recoñecer os aspectos formais das obras de arte e da natureza en relación ás formas xeométricas.	TI	20
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar proxectos gráfico-plásticos axustándose a tarefa solicitada amosando iniciativa e interese no emprego de materiais e técnicas.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns. - A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico.

UD	Título da UD	Duración
4	A cor	6

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.	Explicar o proceso dende os referentes, as ideas e o resultado.	TI	100
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Desenvolver a expresividade e a reflexión a través da experimentación con diferentes técnicas, ferramentas e soportes e o uso da cor.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración dun traballo gráfico-plástico, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
5	A composición. Os xéneros artísticos	6

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar a importancia do patrimonio artístico a través do coñecemento e análise de obras de arte.	TI	100
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar proxectos gráfico-plásticos axustándose a tarefa solicitada amosando iniciativa e interese no emprego de materiais e técnicas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar, dun xeito sinxelo, referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas para poder xerar mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos. - A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo. - O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

UD	Título da UD	Duración
6	Percepción e lectura de imaxes	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicións, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Ser quen de recoñecer minimamente os factores históricos e sociais que rodean as distintas producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes e describir algunha das súas particularidades, con interese e respecto.		
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar a importancia do patrimonio artístico a través do coñecemento de obras de arte.	TI	100
CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar dun xeito sinxelo as producións propias e alleas respectando a diversidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analizalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.	Coñecer diversas propostas plásticas significativas e analizalas para incorporalas ao imaxinario propio desde unha perspectiva de xénero.		
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.	Saber expresar minimamente, dun xeito aberto e respectuoso, as emocións e a satisfacción que emanan da percepción dunha obra de arte.		
CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Analizar os aspectos formais de obras artísticas actuais.		
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas e incorporándoas as producións propias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.
- A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores.

UD	Título da UD	Duración
7	Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.	TI	100
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, minimamente, as características das distintas técnicas audiovisuais e as súas linguaxes, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto audiovisual, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os diferentes usos que pode ter as producións audiovisuais e saber argumentar cun mínimo de reflexión sobre as posibilidades que poden xerar estas, cunha actitude aberta, e amosando interese por coñecer a súa importancia na nosa sociedade.		
CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise. - Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación. - Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O traballo cos alumnos e alumnas estrutúrase en dúas fases sucesivas. Unha fase de información, na que se desenvolven os contidos e exponse unha actividade, proporcionándolles imaxes, exercicios resoltos, e indicacións que promovan a súa creatividade. E unha segunda parte, práctica, na que realizan a actividade proposta, xa sexa individualmente ou en grupo.

En tódalas propostas prácticas seguirase as seguintes pautas metodolóxicas:

- 1) O profesor da materia formulará o traballo: cal é, cómo se fai y cal é o resultado final.
- 2) Informarase da data de entrega e do procedemento de avaliación.
- 3) Mediante o canón ampliarase, se fora necesario, a información. As imaxes e apuntamentos son os propios dos que dispón o departamento. A esta explicación se pódelle engadir o apoio de varias direccións de internet que reforcen o tema dado.
- 4) O alumno realizará diferentes traballos sobre a unidade que estase a tratar.

O deseño de actividades constitúe un dos factores de maior relevancia na actuación do profesorado no proceso de ensino-aprendizaxe. Devanditas actividades deben desenvolver os distintos tipos de contidos da área, buscando unha

aplicación práctica do aprendido e ser motivadoras para o alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Mobiliario axeitado para un taller artístico escolar: vertedoiro e billas, mesas amplas, andeis para gardar materiais.
Ordenador con conexión a internet e proxector.
Plataforma Edixgal.
Materiais funxibéis: carbón, lapis conté, sanguina, pinturas acrílicas ou témperas coas cores primarias, branca e negra.
Materiais para estampa e gravado.
Recursos de internet como páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.

Os materiais e recursos didácticos expóñense a continuación de forma xeral:

Instalacións: estas unidades didácticas desenvolveranse no Áula de Plástica, que contará con mesas axeitadas para o desenvolvemento das actividades, así como pizarra e utensilios técnicos para o profesor. A aula estará dotada, cun ordenador e cun canón de proxección.

A aula conta con algúns cabaletes de pintura e volume, boneco articulado e figuras de escaiola para a aprendizaxe do debuxo.

Libro de texto:

Non hai establecido ningún libro para Educación Plástica en 3º ESO. O alumnado dispón dun ordenador e traballa coa plataforma Edixgal.

Materiais do alumno: O material funxible que utilizará o alumnado, será mercado por este e é a súa responsabilidade traelo e dispor del nas clases. Ao comenzo do curso o na semana anterior a realización dos exercicios o talleres, o profesor expoñerá o material necesario.

O material común a todos os cursos na eso é:

MATERIAL TÉCNICO. Escuadra, cartabón, regra, compás, transportador de ángulos, lapis de diferente dureza (2H, HB ou 2B), goma, afialapis e láminas A4 con recadro e caixa de rotulación. Folios brancos. Carpeta para gardar as láminas.

MATERIAL ARTÍSTICO: ceras, pinturas, rotulador negro permanente, témperas (magenta, amarelo, cian, branco e negro), pinceis, trapo. Tesoiras, pegamento. Papeis e cartolinas.

Parte do material empregado nas actividades o aportará o departamento de debuxo. Por exemplo, cuters, pinturas, cola, papel de gravado...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Desde o comezo de curso ata a rsesión da avaliación inicial iranse realizando exercicios e observando en cada alumno, diferentes capacidades e destrezas relacionadas coa materia e coas competencias clave. As devanditas probas ten un carácter práctico a través das cales detectaranse o nivel de partida das detrezas e capacidades técnicas, espaciais e creativas do alumnado.

Tipoloxía da proba de avaliación inicial.

No caso de ambos cursos realizarase una proba que aúne a detección do nivel do alumnado. Consistirá dunha proba escrita e a realización dun debuxo onde utilizarase, grafito, rotuladores e os lápiz de cores como técnicas en 1º de ESO. No caso de 3º ademais se pedirá a realización dun claroscuro sobre o debuxo sinalado.

Ademais das anotacións que realizaremos de conduta terase en conta para a avaliación inicial os seguintes puntos:

- Le, fala e escribe con propiedade.
- Comprende o que se explica.
- Utiliza sen problemas de motricidade os patróns e o compás.
- Emprega os recursos gráfico-plásticos de forma axeitada.
- Aмосa curiosidade.
- Admite as correccións do profesorado.
- Aprende dos erros e intenta superarse.
- Participa con una actitude positiva.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	19	9	10	16	16	100
Proba escrita	80	0	80	0	0	0	0	27
Táboa de indicadores	20	100	20	100	100	100	100	73

Criterios de cualificación:

O aprobado tanto dunha avaliación, coma do curso, establécese, como mínimo, nun 5.

As aproximacións faranse por defecto ao anterior número enteiro. De maneira excepcional, se o profesorado considera que hai unha evolución positiva no/a alumno/a e que contribúe positivamente ao desenvolvemento do/a mesmo/a, poderase aproximar por exceso ao seguinte enteiro sempre que a parte decimal sexa maior ou igual a 0,75.

No caso de que o alumno ou alumna se ausente, de forma xustificada, por un período prolongado e coincidente ou moi próximo as datas da avaliación, o alumnado será avaliado dos contidos que se impartiron ata que se produciu a ausencia. Avaliarase dos contidos pendentes nas datas de recuperación.

A cualificación numérica de cada avaliación calcularase da seguinte maneira:

O 60% da cualificación obterase da nota do traballo práctico (láminas e traballos) e o 40% da nota dos exames.

As probas ou exames faranse, ou non, segundo o criterio do profesor en cada avaliación

*No caso de non realizarse exames nalguna avaliación a nota media dos traballos pasará a ter un valor do 100 % da nota da avaliación.

Láminas e traballos: 60%.

Para a obtención da nota dos traballos o profesor pode ter en conta o tempo asignado a cada traballo para ser realizado.

Os traballos se realizarán normalmente na aula, no caso de non poder terminar un traballo por ausencia xustificada ou por tempo insuficiente, dada a minuciosidade do mesmo, ou por traballar a un ritmo máis lento cós demais, será o profesor o que autorice a levar os traballos para traelos rematados da casa.

É imprescindible que as láminas e traballos estean identificados e numerados e se entreguen dentro do prazo establecido.

Calcúlase a nota media dos traballos tendo en conta que:

-Descontarase 0,5 por cada día de retraso na entrega de traballos prácticos.

-Os presentados fóra de prazo levarán unha puntuación máxima de 5.

En cada actividade (láminas ou traballos prácticos) avaliarase :

-Se o alumno/a coñece e aplica os conceptos dados na explicación, se expresa de acordo os contidos e manexa os instrumentos de cada técnica con habilidade.

-Se aplica os materiais propios de cada técnica.

- Se trae a clase o material necesario para a realización dos traballos.
- Se se axusta os obxectivos e plantexamentos de cada exercicio.
- Se aplica os conceptos dados en cada exercicio con creatividade.
- Se o alumnado presenta os traballos dentro do prazo. (As tarefas débense presentar puntualmente no prazo marcado agás causas debidamente xustificadas).
- Se entrega os traballos realizados con boa presentación.

Nos traballos prácticos deberán ter uns mínimos de limpeza e precisión, no admitíndose como válidos traballos que teñan raspaduras, borróns, engurras, tipex etc., o que mostren signos evidentes de insuficiencia de coñecementos, de falta de destrezas ou de una inadecuada utilización dos instrumentos de debuxo.

Exames : 40%

Os exames (se os houbera) contarán o 40% da nota dos controis teórico/prácticos que se realicen. Se valorará se contesta ás cuestións teóricas prantexadas e resolve correctamente os problemas de tipo práctico nas probas de cada avaliación. O alumno/a deberá xustificar debidamente os trazados realizados seguindo as normas do debuxo.

Se o alumno/a falta a un exame, sempre que a falta estea debidamente xustificada, o fará na seguinte clase agás que por razóns pedagóxicas o profesor decida adiar a proba.

Na ESO realizaranse tres avaliacións parciais ordinarias e unha avaliación final. Tal e como recolle a Orde do 27 de decembro de 2022, a sesión de avaliación final coincidirá coa sesión da terceira avaliación parcial. Dita sesión de avaliación realizarase a partir do 22 de xuño de 2023, seguindo as directrices da Consellería de Educación.

A cualificación final determinarase coa media aritmética das cualificacións trimestrais. Para calculala utilizarase a nota non redondeada de cada avaliación. Aqueles que non superen a materia cunha cualificación igual ou superior a 5 deberán presentarse a unha Proba de Recuperación do curso no mes de xuño.

No boletín de notas indícaranse as cualificacións das tres avaliacións parciais e tamén a da final. A cualificación da avaliación final atenderá aos criterios antes citados, podendo ser dita nota inferior, igual ou superior á nota obtida na 3ª parcial.

Criterios de recuperación:

Dedicarase a última quincena do mes de xuño á preparación das recuperacións, ao mesmo tempo que se establecerán actividades de reforzo e ampliación para o todo o alumnado.

Se un alumno ou alumna non consegue unha cualificación igual ou superior a 5 ao final do curso, terá opción a recuperar a materia a través dunha Proba de Recuperación no mes de xuño. Dita proba poderá consistir ben nun exame e/ou na entrega dunha serie de tarefas ou traballos. O/a alumno/a só se examinará daquela avaliación ou avaliacións que non teña superadas. A nota das ditas probas terá efectos no cómputo da nota global de xuño.

O alumnado que superase estas probas, acadando unha nota igual ou superior a cinco, terá aprobada igualmente a materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que alumnado terá acceso a través de Edixgal. Consistirá nunha serie de exercicios de reforzo sobre os contidos do curso a superar coas instrucións necesarias. Terán que entregalos en dúas datas:

1ª entrega: en novembro

2ª entrega: en febreiro

O profesor/a estará dispoñible para resolver dúbidas cando sexa necesario.

Os alumnos de 3º ESO con Educación Plástica e Visual pendente de 1º ESO superarán a materia se cumpren un dos puntos seguintes:

-aprobar a 1ª avaliación de 3º ESO

-entregar os exercicios de reforzo propostos polo Departamento no primeiro e segundo trimestre, dentro do prazo establecido

-aprobar un exame antes da 3ª avaliación parcial sobre os contidos mínimos de 3º ESO.

A cualificación final obterase do seguinte xeito:

-No caso de recuperar a materia pendente aprobando a 1ª avaliación do curso superior, a cualificación será de 5.

-Se recupera a materia entregando os exercicios de reforzo propostos polo Departamento, na súa meirande parte correctos, a cualificación será de 5.

-De aprobaren o exame anterior á 3ª avaliación parcial, obterían a cualificación da proba escrita.

O alumnado que non recupere a materia de Educación Plástica de 1º ESO deberá presentarse a una Proba de recuperación antes de finalizar o mes de xuño. Dita recuperación consistirá nunha proba valorada sobre 10 puntos,

que contará o 100% da cualificación final da materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo.

Para o alumnado con necesidades especiais (NEE) realizaranse as correspondentes adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), estableceranse as medidas de reforzo necesarias para favorecer a súa aprendizaxe.

O profesorado con dispoñibilidade horaria realizará tarefas de apoio en aula e codocencia, e a PT colaborará co profesorado en diferentes materias, priorizando a súa labor nas materias instrumentais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora		X		X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita		X			X	X	
ET.3 - A comunicación audiovisual						X	X
ET.4 - A competencia dixital	X						
ET.5 - O emprendemento social e empresarial			X				
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico	X		X			X	
ET.7 - A educación emocional e en valores		X		X		X	
ET.8 - A igualdade de xénero						X	
ET.9 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos esenciais para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evitanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico, así como as entregas de tarefas en prazo e forma.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Saídas fóra do recinto escolar para debuxar do natural.	Debuxo do natural.
Visitas didácticas	Faranse coincidir con algunha das exposicións programadas polas distintas institucións, organismos culturais ou empresas da nosa contorna (concello, museos, fundacións...).
Participación en concursos e actividades varias	Organizados polo propio centro e/ou por institucións e organismos externos do tipo: concurso de postais de nadal, concurso de Verbas para comunicar ou o proxecto Somos artistas
Exposición de traballos propios	En colaboración con outras materias e niveis, involucrando e comprometendo aos alumnos a colaborar en todo o proceso de organización (plantexamento, montaxe, desmontaxe e valoración de resultados).
Charlas e obradoiros	Relacionados co temario a desenvolver

Observacións:

O desenvolvemento de moitas destas e outras actividades dependerá en boa medida da dispoñibilidade económica do Departamento e das programacións anuais dos diversos axentes culturais da nosa contorna, así como do ritmo de desenvolvemento das programacións didácticas cos diferentes grupos (materias e niveis), polo cal a súa programación será concretada ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Consulta a programación ao largo do curso?
Teño en conta realmente a programación na miña actividade do día a día?
A presente programación, resúltame útil á hora de planificar a actividade e traballo diario?
Realizo anotacións e rexistros sistemáticos de como se está a desenvolver a programación?
Fago cambios reais na programación en función do seguimento que realizo dela?
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?
Informo de xeito claro ao alumnado a principio de curso dos diversos aspectos da materia?
Pido ao alumnado diferentes producións en funcións das súas características?
Tanto nos exames como nos traballos, dou opcións de traballos máis fáciles e máis difíciles?
Dou explicacións xerais adaptadas a distintos niveis?
Propoño actividades con diferente nivel de execución en función de características do alumnado?
Teño en conta a diversidade cando organizo diferentes agrupamentos en clase?
O alumnado con NEAE, recibe axuda específica pola miña parte?
Propoño actividades que contribúan á aprendizaxe autónoma?
Dou instrucións claras á hora de realizar actividades e exercicios?
Todas as actividades que realizo, teñen un obxectivo ben claro?
Ao inicio da avaliación, UD, clase, o alumnado sabe o que vai facer, por que e para que?
Utilizo diversidade de instrumentos para o rexistro da actividade e dos logros do alumnado?
Procuro escoitar ao alumnado e ter en conta a súa percepción de como se desenvolven as clases?
Utilizo conscientemente estratexias de motivación do alumnado, teño en conta os seus intereses?
As cualificacións, axústanse realmente ao traballado na clase e á porcentaxe de tempo adicado?
Aplicáronse os procedementos e instrumentos de avaliación programados e axustáronse aos criterios de cualificación.
Fíxose un correcto seguimento do alumnado con materias pendentes de cursos anteriores?
Leváronse a cabo as actividades complementares e extraescolares programadas?
Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

Descrición:

Para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, así como a propia programación, empregáronse os seguintes indicadores de logro, valorados nunha escala de 1 a 4. Esta avaliación producirá, se fora preciso, modificacións na programación para o seguinte curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizaremos a revisión da programación didáctica da seguinte maneira:

No principio de curso, a avaliación inicial ofrecerá datos para modificar os aspectos da programación que se consideren oportunos co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará.

Nas reunións do departamento farase o seguimento do grao de cumprimento da programación didáctica, verificándose se se están impartindo os contidos programados e se a temporalización é a adecuada.

Cada trimestre, despois de coñecermos os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, será o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Entre as cuestións ou puntos a revisar encóntranse:

1. A metodoloxía foi eficaz para acadar os obxectivos
2. Os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
3. Cumpriuse coa secuenciación e temporalización das unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
4. Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
5. Foi preciso introducir algunha modificación nos procedementos e instrumentos de avaliación utilizados .
6. O procedemento seguido para a información ás familias foi útil e axeitado.

Ao final de curso, avaliaremos a programación didáctica no seu conxunto e para iso teremos en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia programación, valorando os resultados das avaliacións finais ordinarias do alumnado. Deste proceso extraeranse as propostas de modificación e mellora para a programación didáctica do vindeiro curso.

Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, ao mesmo tempo que se atenderán especialmente os aspectos en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.

O resultado desta avaliación reflectirase na memoria final de curso do departamento e tamén recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do ano e as propostas de mellora suxeridas para seren tidas en conta na PD do próximo curso.

9. Outros apartados